



Expediente 97479/332

INFORME PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA O PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO, ACCESORIOS E ELEMENTOS DE AULAS E DESPACHOS A SUBMINISTRAR PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTA MARTA - PRAZA DA INDUSTRIA (CAMIÑO DO CHOUZO, 2) - LOTE 1.

I.- LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que rexe o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a subministración de mobiliario e equipamento para a Escola Infantil Municipal Santa Marta – Praza da Industria (Camiño do Chouzo nº 2).

II.- ANTECEDENTES

En data 08/07/2024, publícase na Plataforma de Contratación do Estado anuncio do Concello de Vigo para a presentación de proposicións para a contratación polo procedemento aberto dos dous lotes da “Subministración de mobiliario e equipamento para a Escola Infantil Municipal Santa Marta – Praza da Industria (Camiño do Chouzo, 2)” (expte. 97479/332), no que se sinala como remate do prazo de presentación de ofertas o día 22/07/2024.

Segundo consta no certificado de licitadores expedido pola secretaria de goberno local de data 23/07/2024, durante o prazo sinalado no devandito anuncio, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, non se presentouse ninguha oferta a través do Rexistro Electrónico municipal.

Segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público, presentaron proposicións para este procedemento os seguintes licitadores:

1. HERMEX IBÉRICA S.L.
2. JOSMA EQUIPAMIENTOS S.L.U.
3. SPIRAL CONTRACT S.L.

De acordo co procedemento para a presentación electrónica das proposicións previstas na cláusula 14 do PCAP e das normas para o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procedementos de adxudicación de contratos da Disposición Adicional 16ª



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 14/08/2024 09:58 | Páxina 1 de 6 |
| 97479-332 | CSV: A5A359-3B5D33-BC83EA-XC5EFV-YRSW3V-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

(apartado 1.h) da LCAP, en data 24 de julio de 2024 ás 13:00 horas, reúnense o técnico de actividades culturais e educativas (por delegación da xefa do Servizo de Educación) coa técnica de administración xeral de Contratación para a apertura do sobre único de conformidade co previsto na cláusula 16.1 JOSMA EQUIPAMIENTO S.L.U do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

A continuación procédese á descriptación das proposicións presentadas a través da Plataforma de Contratos do Sector Público co seguinte resultado:

| | Licitador | DEUC | Anexo II PCAP | Prezo sen IVE | Incremento do prazo de garantía dos elementos a subministrar |
|---|----------------------------|----------------|---|---|--|
| 1 | HERMEX IBÉRICA, S.L. | ✓ | Falta cubrir unha pregunta da parte III, apartado C | 29.813,04 € | 5 anos |
| 2 | JOSMA EQUIPAMIENTOS S.L.U. | Non presentado | Non presentado | 32.419,00 € (Oferta en orzamento detallado) | 5 anos (Oferta en orzamento detallado) |
| 3 | SPIRAL CONTRACT, S.L. | ✓ | ✓ | 33.187,00 € | 2 anos |

Á vista da documentación presentada, procede:

a) Admitir neste procedemento a SPIRAL COTNRACT, S.L., por ter presentado correctamente a documentación esixida no PCAP.

b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no PCAP que rexe esta contratación:

1. HERMEX IBÉRICA S.L.: En concreto, deberá presentar novo DEUC, asinado polo seu representante, no que figure cuberta a resposta á pregunta “*¿Están los activos del operador económico siendo administrados por un liquidador o por un tribunal?*” do apartado C (“*Motivos referidos a la insolvencia, los conflictos de intereses o la falta profesional*”) da Parte III (“*Motivos de exclusión*”) xa que no DEUC presentado non aparece contestado.

2. JOSMA EQUIPAMIENTO S.L.U.: En concreto, deberá presentar, tal e como establece a cláusula 13 do PCAP:

- O Anexo II do PCAP, asinado polo seu representante, xa que non consta na documentación presentada;

- O DEUC, asinado polo seu representante, xa que non consta na documentación presentada.

En data 02/08/2024, reúnense o técnico de actividades culturais e educativas (por delegación da xefa do Servizo de Educación) e a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación e á vista da documentación presentada por HERMEX IBÉRICA S.L. en data 30/07/2024 e por JOSMA EQUIPAMIENTO S.L.U. en data 31/07/2024, procede a admitir a estes licitadores por teren emendado correctamente a documentación esixida na cláusula 13.1 do PCAP.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 14/08/2024 09:58 | Páxina 2 de 6 |
| 97479-332 | CSV: A5A359-3B5D33-BC83EA-XC5EFV-YRSW3V-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



III. AVALIACIÓN DAS OFERTAS

Primeiro: Comprobación das ofertas.

1.- HERMEX IBÉRICA, S.L. A oferta non se axusta ao Anexo I do PPT, Lote 1 “mobiliario, accesorios e elementos de aulas e despachos”. Conforme ao PPT “A subministración do mobiliario, accesorios e electrodomésticos incluírá a entrega e instalación de todo o equipamento que deberá quedar totalmente instalado e preparado para o seu uso” e “O material que se entregue deberá cumprir os requisitos definidos nos Anexo I e Anexo II deste prego.”

Nesta oferta non se inclúe todo o material relacionado no Lote 1 e algún do material ofertado non reúne os requisitos requiridos: faltan estanterías no almacén, os bancos dos vestiarios son de menor tamaño e de calidade inferior, mesas de despachos de menor tamaño, faltan estanterías en titorías, salas de profesores e dirección, colchonetas de psicomotricidade de menor densidade, berce de evacuación de menor tamaño, os xogos de patio exterior non cumpren as características definidas, faltan elementos como papeleiras e outros.

Consecuentemente esta oferta non pode ser valorada ao non axustarse ao obxecto do contrato conforme se determina no PPT.

2.- JOSMA EQUIPAMIENTOS S.L.U. A oferta axústase ao Anexo I do PPT, Lote 1 “mobiliario, accesorios e elementos de aulas e despachos”.

3.- SPIRAL CONTRACT, S.L. A oferta axústase ao Anexo I do PPT, Lote 1 “mobiliario, accesorios e elementos de aulas e despachos”.

Segundo: Ofertas anormalmente baixas.

Antes de proceder a valoración das ofertas económicas, compróbase se algunha das ofertas contén valores anormais ou desproporcionados, en base aos criterios establecidos na cláusula 15 do PCAP e no apartado 6.B das Follas de Características do Contrato (FEC).

| | Licitador | Oferta sen IVE | Desconto | % de baixa |
|---|--------------------------------|----------------|------------|------------|
| | <i>Orzamento de licitación</i> | 40.930,00 € | | |
| 1 | JOSMA EQUIPAMIENTOS S.L.U. | 32.419,00 € | 8.511,00 € | 20,79% |
| 2 | SPIRAL CONTRACT, S.L. | 33.187,00 € | 7.743,00 € | 18,92% |

Consonte as normas indicadas na cláusula 15.1.b do PCAP, considérase que as ofertas NON se atopan en situación de oferta anormalmente baixa.

Terceiro: Valoración das ofertas.

A continuación, procédese a valorar as ofertas presentadas conforme aos criterios de valoración recollidos no apartado 6.A das FEC:



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 14/08/2024 09:58 | Páxina 3 de 6 |
| 97479-332 | CSV: A5A359-3B5D33-BC83EA-XC5EFV-YRSW3V-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

| | Licitador | Prezo sen IVE | Incremento do prazo de garantía dos elementos a subministrar |
|---|----------------------------|---------------|--|
| 1 | JOSMA EQUIPAMIENTOS S.L.U. | 32.419,00 € | 5 anos |
| 2 | SPIRAL CONTRACT, S.L. | 33.187,00 € | 2 anos |

O apartado 6A das FEC recolle os seguintes Criterios de adxudicación avaliados a través de fórmula:

1.- Redución do prezo do contrato: valorarase con ata 90 (noventa) puntos: Outorgarase a máxima puntuación ao licitador que propoña o menor prezo e 0 puntos ao licitador que non propoña ningunha redución do prezo; as restantes proposicións valoraranse aplicando a regra proporcional.

2.- Incremento do prazo de garantía dos elementos a subministrar: valorarase con ata 10 (dez) puntos. Valorarase o incremento anual do prazo de garantía dos elementos a subministrar a maiores dos 3 anos que se recollen no apartado 6 do PPT. Outorgarase 2 puntos para cada ano a máis dos tres anos esixidos no prazo de garantía dos elementos ofertados, ata un máximo de 10 puntos.

Á vista dos anteriores criterios, os licitadores acadan as puntuacións que se recollen na seguinte táboa, coa conseguinte clasificación de ofertas, ordenadas de forma decrecente por puntuación total obtida:

| | Licitador | Prezo sen IVE | Puntos redución prezo | Incremento do prazo de garantía | Puntos prazo garantía | TOTAL PUNTOS |
|---|--------------------------------|---------------|-----------------------|---------------------------------|-----------------------|---------------|
| | <i>Orzamento de licitación</i> | 40.930,00 € | 90.00 | | 10,00 | |
| 1 | JOSMA EQUIPAMIENTOS S.L.U. | 32.419,00 € | 90.00 | 5 anos | 10.00 | 100,00 |
| 2 | SPIRAL CONTRACT, S.L. | 33.187,00 € | 81.88 | 2 anos | 4.00 | 85.88 |

Cuarto.- Comprobación de documentación.

Conforme ao previsto na cláusula 16.3 do PCAP, e coa asistencia do Servizo de Contratación, comprópanse os seguintes extremos en relación co licitador clasificado no primeiro lugar:

- *“A súa personalidade, se é unha persoa física ou ben, a súa válida constitución e obxecto social, se é unha persoa xurídica.*
- *Capacidade de obrar.*
- *Poder bastante con que actúe o seu representante, no seu caso.*
- *Que non está incurso en prohibición de contratar”.*

De acordo co previsto na cláusula 16.4 do PCAP compróbase que o primeiro licitador clasificado está ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA e fronte á Tesourería Xeral da Seguridade Social, segundo o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia de data 30/07/2024 aportado polo licitador.

Así mesmo, o dito servizo require de oficio a certificación acreditativa de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias fronte ao Concello de Vigo, segundo consta no certificado de data 07/08/2024 incorporado ao expediente.

En consecuencia, segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, procede formular ao órgano de contratación proposta de adxudicación deste procedemento en base aos seguintes:



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 14/08/2024 09:58 | Páxina 4 de 6 |
| 97479-332 | CSV: A5A359-3B5D33-BC83EA-XC5EFV-YRSW3V-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |



IV.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. A dita obriga atópase delegada nos concelleiros responsables das diferentes áreas de goberno en virtude do acordo de delegación de competencias nos concelleiros das áreas de goberno e nos concelleiros delegados da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2023 (publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 129 de 05/07/2023), modificado por acordo de 28 de xuño de 2024 (publicado no BOPPO nº 134 de 10/07/2024). A resolución de adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.1 da Lei 9/2017).

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación á concelleira da Área de Goberno de Educación, correspóndelle ao servizo xestor de conformidade coa cláusula 18.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

Trátase dun contrato de subministración, cuxo obxecto é a SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO, ACCESORIOS E ELEMENTOS DE AULAS E DESPACHOS A SUBMINISTRAR PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTA MARTA – PRAZA DA INDUSTRIA (expte. 97479/332 – lote 1) co contido económico reflectido no apartado 3 das Follas de Características do Contrato (FEC): orzamento base de licitación (IVE incluído) de 49.525,30 euros.

Conforme, a cláusula 14.1 do PCAP, o órgano de contratación acordará a adxudicación mediante a aplicación dos criterios avaliábeis mediante fórmula previstos no apartado 6.A das FEC.

De conformidade cos antecedentes e avaliación de ofertas anteriormente expostos, resulta procedente formular proposta de adxudicación a favor de JOSMA EQUIPAMIENTO S.L.U. (CIF B-27.868.983), por importe de **39.226,99 euros**, IVE incluído, sendo o importe do IVE (21%) de 6.807,99 euros, e cun incremento do prazo de garantía de 5 anos, a maiores dos 3 anos obrigatorios recollidos no apartado 8 das FEC.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle ao órgano de contratación (apartado 4 da disposición adicional segunda da Lei 9/2017), competencia delegada na concelleira da Área de Goberno de Educación, en virtude do do acordo de delegación de competencias nos concelleiros das áreas de goberno e nos concelleiros delegados da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2023 (publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 129 de 05/07/2023), modificado por acordo de 28 de xuño de 2024 (publicado no BOPPO nº 134 de 10/07/2024).

En base ao que antecede, propónse á concelleira da Área de Goberno de Educación en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Primeiro: Adxudicar a JOSMA EQUIPAMIENTO S.L.U. por importe de 39.226,99 euros, IVE incluído, o lote 1 do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO, ACCESORIOS E ELEMENTOS DE AULAS E DESPACHOS A SUBMINISTRAR PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTA



MARTA – PRAZA DA INDUSTRIA (CAMIÑO DO CHOUZO Nº 2), sendo o IVE do 21% de 6.807,99 euros, e cun incremento do prazo de garantía de cinco anos adicionais.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e da oferta presentada (expte. 97479/332 – lote 1).

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Educación, María José Loureiro Bada



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 14/08/2024 09:58 | Páxina 6 de 6 |
| 97479-332 | CSV: A5A359-3B5D33-BC83EA-XC5EFV-YRSW3V-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |